

Adaptación: **XOSÉ BALLESTEROS**

Ilustracións: **MIGUEL TANCO**

Encadernado en cartón. 22x22 cm.


40 páxinas a toda cor

Dispoñible en:

-Galego: "Os tres osos"  
ISBN 978-84-8464-664-8. Os Contos do Trasno

-Castellano: "Los tres osos"  
ISBN 978-84-96388-84-0. Libros para Soñar

Prezo: 13 €



## OS TRES OSOS

Érase unha vez tres osos que vivían nunha cabana no bosque. Un era moi grande, outro era mediano e o outro era moi pequeno. Os tres osos erguíanse cedo todos os días e preparaban o seu almorzo de papas e avea. O oso grande comía nunha cunca grande. O oso mediano comía nunha cunca mediana. O oso pequeno comía nunha cunca pequeniña. Pero aquel día as papas estaban moi quentes. Por iso, os tres osos decidiron ir dar un paseo mentres o almorzo arrefriaba.

No seu décimo aniversario, KALANDRAKA recupera e renova algúns dos álbumes cos que estreou o seu catálogo, entre eles, "Os tres osos". Trátase dun conto tradicional adaptado por Xosé Ballesteros a partir da versión publicada en 1837 polo poeta inglés Robert Southey. Na versión inicial non era unha nena, senón unha vella, quen entraba sen permiso na casa dos osos. Pero non foi o único cambio; en posteriores adaptacións introducíronse outras variantes, de xeito que o intruso pasou a ser un raposo e posteriormente a cativa que -nunha historia de 1904- recibiu o nome de Riciños de Ouro.

Os osos son presentados como animais refinados e pacíficos, fronte á mala educación do personaxe que invade o fogar. Un relato especialmente recomendado para primeiros lectores, pola súa estrutura baseada na repetición e porque manexa os conceptos de tamaño e cantidade. Tamén permite introducir aspectos relacionados coa familia e o parentesco, a casa, o seu contorno e os bos modais. A nivel estético, as ilustracións destacan pola súa sinxeleza, calidez e detallismo; Miguel Tanco recorre á técnica do collage e a materiais con textura para representar tanto os personaxes como os espazos onde se moven.

### XOSÉ BALLESTEROS (Vigo, 1956)

Escritor, editor, especialista en literatura infantil. Imparte obradoiros de escrita creativa para docentes, escolares e afeccionados á literatura. Ten publicado, entre outras obras, a novela "Talego" (Premio García Barros de Novela 1993. Ed. Xerais) e "Viaxe á morada dos deuses" (Desafío 8000, 1999). No eido da literatura infantil e xuvenil publicou a serie "Os Gordibolas" (Ed. Xerais, 1996)

e adaptou varios contos populares, como "O coelloño branco", "O gato con botas", "Tío Lobo", "Poucapalla" ou "O frutista de Hamelin", publicados por KALANDRAKA. Neste mesmo selo vén de publicar "Imaxina animais".

### MIGUEL TANCO (Badajoz, 1972)

Estudou ilustración na Escola de Artes Visuais de Nova York, na escola estival Stepan Zavrel de Sarmede e en Macerata (Italia). Neste país, onde reside actualmente, tamén foi alumno da ilustradora Octavia Monaco. Traballou para editoriais como Arka, Carthusia, Edelvives e Harcourt. As súas obras expuxéronse en salas e galerías de cidades italianas como Bergamo, Genova, Milan ou Farfaville.



- **Temática:** conto popular adaptado
- **Idade recomendada:** desde 4 anos
- **Aspectos destacables:** edición conmemorativa do décimo aniversario de Kalandraka; ilustracións sinxelas de técnica mixta, con collage e texturas; editado tamén en italiano: "I tre orsi" (colección Libri per Sognare)
- **Aplicacións:** os tamaños, o número tres, a casa e o seu contorno, a familia e os parentescos, a educación